

## **BASES PARA A V CATA DE MEL**

### **CONCURSO DE CALIDADE DO MEL – MURAS – 20 NOVEMBRO 2021**

- Poderán participar todos aqueles apicultores que teñan explotacións apícolas no concello de Muras.
- Admitiranse como máximo un total de 15 mostras, por riguroso orden de entrega na Casa do mel.
- Presentaranse as mostras de mel en botes de 1 kg antes do 1 de novembro do 2021, sen ningún tipo de etiqueta.
- A Casa do Mel poñeralle unha etiqueta a cada bote con un número impreso. Ese número tamén se lle poñerá a un sobre pechado que terá os datos do produtor.
- O sobre permanecerá pechado e custodiado pola Casa do Mel ata que se faga explícito o número do mel gañador.
- Haberá dous galardóns: mellor mel de montaña, e mellor mel monofloral de breixo. (Para consideralo monofloral terá que ter como mínimo un 45 % de pole de breixo)
- No laboratorio da Casa do Mel faranse as análises de tódalas mostras de cor, humidade, conductividade, HMF e pólenes predominantes. Tamén se fará referencia á limpeza e decantación.
- Haberá un presidente/a e un secretario/a de cata encargados de dirixir o evento.
- Un número de persoas que irán catando o mel e poñéndolle unha puntuación de (0 a 5) a cada mostra. Empregaremos para isto unha ficha facilitada pola Casa do Mel.
- A participación como produtor implica a aceptación destas bases e acatar a decisión do xurado.